



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A SOCIEDAD ESPAÑOLA DE LA CAMELIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E INFORMACIÓN DA RUTA DA CAMELIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa entidade Sociedad Española de la Camelia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración técnica e económica entre Axencia Turismo de Galicia e a Sociedad Española de la Camelia para a realización das seguintes actuacións:

1. Reedición de folletos de xardíns da Ruta da Camelia
2. Servizo de tradución común para servizo dos xardíns da Ruta da Camelia.
3. Adquisición dun sistema de fala/escoita para guía e os visitantes que accedan a cada xardín. Será un emisor e 30 receptores por cada xardín.
4. Colocación da primeira fase de sinalización de especies arbóreas e áreas do xardín con carteis identificativos.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo, e no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico



de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que a Sociedad Española de la Camelia foi constituída o 9 de marzo de 2001 como asociación de ámbito nacional e internacional. Os seus fins son os de divulgar e promover a flor e a árbore da camelia a través de calquera medio de difusión ou acto de calquera tipo, así como a realización de actividades de investigación para a mellora tecnolóxica do cultivo.

Así mesmo, a Sociedad Española de la Camelia, é o principal ente colaborador de Turismo de Galicia no que a promoción da Ruta da Camelia se refire, xa que, ademais de coordinar y participar na organización de todos os actos promocionais que Turismo de Galicia leva a cabo para difundir o devandito produto turístico, ocúpase de realizar todos os traballos destinados a mellorar a calidade dos servizos turísticos e instalacións ligados a cada un dos xardíns integrantes da Ruta da Camelia.

Por outra parte, a Sociedad Española de la Camelia, organiza anualmente conferencias, cursos de formación e exposicións destinadas a dar a coñecer a Ruta da Camelia e a concienciar ao poboación local e ao visitante sobre a importancia deste produto turístico para Galicia.

Terceiro.- A Axencia Turismo de Galicia considera de interese a colaboración nas actuacións obxecto deste convenio xa que contribúen de forma clara a promoción da Ruta da Camelia e a súa mellora como produto turístico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

